

Resumo programación didáctica

Educación Física 2º ESO

1. Introducción

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º ESO, son un total de 12 persoas. As clases realizaranse principalmente nun pavillón de 40x20m e serán impartidas en galego.

2. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Condición Física		16	10	X		
2	Balonmán		17	12	X		
3	Béisbol		12	10		X	
4	Acrosport		12	10		X	
5	Floorball		10	8		X	
6	Deportes de pala e raqueta		17	10			X
7	Medio natural		16	10			X

3. Criterios de cualificación

A Programación Didáctica consta de 7 unidades. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1 e 2 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 33%; a 3, 4 e 5 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 6 e 7 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 33%. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do peso da mesma para que en cada avaliación as súas UU.DD. teñan un peso similar.

Para a cualificación de cada unidade didáctica teremos en conta, para cada criterio de avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaranse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada **trimestre**, obterase calculando a media das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da **avaliación final** da materia, obterase calculando a media das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a UD, o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o **alumnado** que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) **non pode seguir o ritmo das sesións** ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc. Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos..

4. Criterios de recuperación

Para recuperar cada avaliación, o alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña aprobadas. O período de recuperación será nos **últimos días do curso**. As probas de recuperación poderán ser tanto prácticas como teóricas en función do contido.